

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **21 de marzo de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. ^a Ana María Villarino Pardo	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 21 de marzo de 2019 , ás 17.30 horas, baixo a presidencia de dona Ana María Villarino Pardo e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
DEPUTADOS/AS:	
D. ^a Consuelo Vispo Seara	
D. José Antonio Feijóo Alonso	
D. Antonio Montero Fernández	
D. Miguel A. Cid Álvarez	
D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas	
D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez	
D. ^a Isabel Gil Álvarez	
D. Adolfo González Nóvoa	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
D. Francisco José Fraga Civeira	
SECRETARIO:	
D. Juan Marquina Fuentes	
INTERVENTORA ACCTAL:	
D. ^a Begoña Álvarez Matos	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 14 DE FEBREIRO 2019.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 14 de febreiro de 2019, non se formulan observacións quedando aprobada co voto favorable do

Grupo Popular (7), do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1) e a abstención do deputado don Francisco José Fraga Civeira.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A presidenta da comisión indica que posto que está finalizando o mandato, quere comunicarlles aos membros da comisión a evolución do programa de termalismo social da Deputación Provincial de Ourense. O dito programa comezou a súa andadura en 2013 con cinco balnearios e 444 beneficiarios, sendo a evolución moi notable nos seguintes anos, xa que en 2014 houbo 673 usuarios; en 2015, 1745 usuarios; e 2016, 2.190 usuarios; en 2017, 2.976 usuarios; e en 2018, 3.197 usuarios. Indica ademais que isto supuxo ao longo da vida do programa que máis de 15.000 usuarios pasasen a noite nos balnearios da provincia. Nos dous primeiros meses de 2019 xa se rexistraron máis de 1.500 solicitudes e como dato apunta que a Comunidade Autónoma de Madrid é a que proporciona o maior número de beneficiarios do programa e que en 2018 máis do 50% dos beneficiarios fixérono grazas ao convenio asinado con Renfe e conecta corenta cidades de todo o territorio nacional con Ourense, cuns prezos especialmente bonificados.

Os membros da comisión quedan informados.

E, ás 17.35 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan a presidenta e o secretario. Certifico.